

Pedra dos enigmas


Na arañeira da incógnita



ARMANDO REQUEIXO

O pasado de noso é un libro nebuloso do que aínda restan moitas páxinas por descifrar. Escribo isto a propósito da aparición do volume *O petróglifo do Filladuiro*, interesante aproximación etnoarqueolóxica a unha enigmática representación lítica descuberta en Mallou, por terras da nordesía Carnota. O profesor Fernando Alonso Romero, o escritor Francisco Xosé Fernández Naval e mais a fotógrafa Maribel Longueira son os coautores deste ensaio, que ve luz na prestixiosa Serie Keltia da editora noíesa Toxosoutsos.

A estrutura da obra responde á tripla visión interpretativa que do misterioso petróglifo amosa cada un dos autores: Fernández Naval abre o libro cunha evocativa narración, orballada de recendos épicos, onde a fasciación do lenda-



rio e do tradicional literario e popular explican a súa proposta, naciada dunha “imprisión primeira”, puramente “intuitiva, non de interpretación académica, senón de soño e liberdade”.

O capítulo central do libro recolle a atractiva “galería de imaxes” coa que Longueira informa as nosas retinas. A paisaxe que circunda a contorna do petróglifo, o seu horizonte natural é visitado en instantáneas que, sen deixar de testemuñar con precisión documental a realidade obxecto de estudo, devolven unha ollada próxima e humanizada a enclaves de alento secular.

Finalmente, Alonso Ro-

mero, dende o anco do ensaísmo histórico e a interpretación etnográfica e arqueolóxica, defende a hipótese de que o petróglifo de Mallou é unha singular inscrición que representa unha grande nai, unha icona que avalaría un culto a unha divindade feminina e telúrica, en conexión con outras representacións semellantes de diferentes culturas.

A hipótese é ben suxestiva, non cabe dúbida. Ora, malia as moitas argumentacións e os moi extensos razoamentos de abondosa apoitura bibliográfica, o certo é que tras o medio cento de páxinas dedicadas á análise do petróglifo por Alonso Romero nada do exposto pode elevarse a tese, non hai demostración concluínte ningunha e a súa informadísima especulación pode ser tan certa como non.

Velaí, xustamente, o engado da gravura pétrea do Filladuiro, que sobreviviu á noite dos séculos para atraparnos agora na arañeira mesta da súa incógnita.

ALONSO, Fernando, FDEZ. NAVAL, Francisco X. e LONGUEIRA, Maribel, *O petróglifo do Filladuiro*, Ed. Toxosoutsos, Noia, 2008, 114 páxinas.